

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS
CONCELLOS DE ARBO, A CAÑIZA, COVELO, CRECENTE, MONDARIZ-BALNEARIO,
MONDARIZ, AS NEVES, PONTEAREAS, SALCEDA DE CASELAS E SALVATERRA DO
MIÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN
TURÍSTICA NO XEODESTINO CONDADO -PARADANTA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Ponteareas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o xeodestino Condado-Paradanta para a execución das seguintes actuacións:

1. Desenvolvemento e implantación de novos produtos turísticos nos segmentos de cultura e patrimonio, turismo activo e de natureza e enogastronómico
2. Plan de promoción turística, dirixido a dar a coñecer o xeodestino e as súas posibilidades turísticas ante operadores especializados nos segmentos preferentes:

2.1 Viaxe de familiarización de axencias, operadores turísticos e prensa especializada para dar a coñecer o destino e os novos produtos turísticos.

2.2 Accións de promoción:

- Xornada técnica dirixida á difusión das potencialidades turísticas do territorio.
- Evento de promoción enogastronómica a desenvolver no xeodestino. Se organizará un evento aberto ao público e destinado a divulgar a potencialidade enogastronómica. O ámbito será os dez concellos do xeodestino.
- Organización dunha visita profesional de empresarios á feira de turismo de interior

3. Coordinación: xestión e seguimento das actividades executadas:



- Recompilar e analizar os proxectos antecedentes e converxentes, de cara a optimizar os recursos e buscar a maior eficiencia do investimento.
- Promover a implicación do empresariado e do tecido asociativo, mediante a detección conxunta de oportunidades para a dinamización e o emprendemento, de cara ao desenvolvemento e consolidación de paquetes turísticos.
- Xestión da comunicación (preparación de notas de prensa, actualización de contidos da web, proxección destes contidos nas redes sociais...)
- Planificar, definir e dirixir os proxectos recollidos nesta memoria.
- Promover a coordinación e a integración informativa entre puntos de información turística (oficinas de turismo, centros de interpretación turística, etc.)
- Colaborar en canto requira a Axencia de Turismo de Galicia para o seguimento e xustificación do proxecto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, creada como axencia pública autonómica polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é o órgano ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade, e ten entre os seus obxectivos básicos, levar a cabo accións de potenciación de recursos turísticos, polo que, entre as súas prioridades, está a de contribuír á realización de actuacións que impliquen a consecución deste obxectivo. A tal efecto, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

Segundo.- Que tanto a LRBRL como a LALGA recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

Como consecuencia da aplicación da devandita normativa o 23 de xaneiro de 2017 foi asinado un convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de creación dun xeodestino na comarca Condado-Paradanta. Os concellos que integran o xeodestino



de O Condado-Paradanta son: Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz-Balneiro, Mondariz, As Neves, Ponteareas, Salceda De Caselas e Salvaterra do Miño.

Na cláusula cuarta do convenio establécese que “a xestión do servizo ou proxecto será realizada polo Concello de Ponteareas e incluíra todo o relacionado coa xestión do mesmo, aspectos materiais, técnicos ou de servizos (...).”

Terceiro.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade régulanse na devandita lei os xeodestinos.

A lei define como xeodestinos turísticos as áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica. Poderán ser utilizados, tras a súa creación, tanto por entidades públicas como privadas, sempre dentro da marca turística global «Galicia» e sen que poidan empregarse como nome comercial, rótulo de establecementos ou vehículos e marcas de bens e servizos.

Cuarto.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza no Condado-Paradanta, contribúen á potenciación do xeodestino que configura o ámbito desta comarca e a súa consolidación como destino turístico de interior e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Que a través deste convenio, outórgase ao Concello de Ponteareas unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados



na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

